



Concello do Grove

DECRETO DE CORRECCIÓN DE ERROS

Detectado un erro nas Bases para PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME DE INTERINIDADE DUN POSTO TÉCNICO DE ADMON XERAL ADSCRITO Á ÁREA DE INTERVENCIÓN no Concello do Grove

RESOLVO:

1. Avocar singularmente a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por resolución do 12 de xuño de 2015 por razón de urxencia derivadas da próxima finalización do prazo de presentación de instancias que impediría unha vez chegado o seu final a ampliación do mesmo pola metade do prazo orixinario conforme ó disposto no artigo 32 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de aplicación supletoria conforme a Disposición Final 1ª desta mesma norma.

Celebrándose as sesións das XGL como órgano delegado da execución da competencia os luns de cada semana e polo que avocase a citada delegación en base as razóns expostas.

2. Corrixir o apartado e) da Base 3, os requisitos de acceso, que quedaría como segue:
“e) Estar en posesión do título de licenciatura ou grao en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Xestión e Administración Pública, Administración e Dirección de Empresas, Económicas ou Ciencias Políticas e da Administración ou equivalentes. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.”

3. Corrixir o apartado d) do punto 3 da Base 7 (sistema selectivo), que quedaría como segue:

“d) Por cada mes completo de servizos prestados noutras administracións como técnico de Administración xeral: 0,20 puntos.”

4. Publicar este anexo das bases na Sede Electrónica e no Taboleiro de anuncios do Concello do Grove, así como no *BOP* de Pontevedra, ampliando o prazo pola metade do prazo orixinario.

5. Se na data de publicación se houberan presentado solicitudes, estas entenderanse admitidas.

O Grove, data e sinatura dixital

O alcalde
Jose A. Cacabelos Rico

Ante min, o secretario
Francisco Javier Novoa Juiz.

Concello do Grove